

TEMARIO PROMOCIÓN INTERNA

(escala de axentes de inspección, especialidade de vixilancia do dominio público hidráulico - subgrupo C1)

Tema 1. Dominio público hidráulico. Bens que o integran. Conceptos de cauce, ribeira e marxes. Zonas de servidume e de policía do dominio público hidráulico. Limitacións ao uso. Zona de fluxo preferente: concepto e limitacións ao uso. Lagos, lagoas, encoros e zonas inundables: conceptos e limitacións ao seu uso. Acuíferos.

Tema 2. Utilización do dominio público hidráulico. Servidumes legais. Usos comúns e privativos. Usos privativos por disposición legal. Concesións de auga: principios xerais que rexen as concesións de augas.

Tema 3. Alumbramento e utilización de augas subterráneas. Acuíferos sobreexplotados: concepto e efectos. Concesións de augas subterráneas: condicións e distancias que deben cumprir. Características que definen unha concesión de augas subterráneas.

Tema 4. Usos comúns especiais do dominio público hidráulico: principios xerais. Navegación, flotación, establecemento de barcas de paso e embarcadoiros: condicións que deben cumprir. Aproveitamento dos cauces e bens situados neles.

Tema 5. Rexistro de augas. Comunidades de usuarios.

Tema 6. Protección do dominio público hidráulico e da calidade das augas. Normas xerais. Apeo e deslinde. Zonas de protección. Reservas hidrolóxicas.

Tema 7. Actuacións menores de mantemento e conservación. Declaración responsable para actuacións menores no dominio público hidráulico e a súa zona de policía.

Tema 8. Obras en zona de policía de cauces: limitacións para a súa autorización. Cruzamentos de cauces con liñas eléctricas: condicións que deben cumprir. Extracción de áridos: limitacións á extracción de áridos no dominio público hidráulico.

Tema 9. Aproveitamentos hidroeléctricos: tipos e partes das que consta un aproveitamento hidroeléctrico. Elementos de protección da fauna piscícola nos aproveitamentos hidroeléctricos.

Tema 10. Vertidos ao dominio público hidráulico. Vertidos directos e vertidos indirectos: conceptos. Autorizacións de vertidos: datos mínimos esixidos nunha

autorización de vertidos. Toma de mostras de vertidos. Estacións de depuración de augas residuais; concepto. Tipos de tratamentos de augas residuais.

Tema 11. Da administración pública da auga. Principios xerais. Os organismos de conca: configuración e funcións. A Administración hidráulica de Galicia. disposicións xerais, organización e réxime xurídico.

Tema 12. Infraccións e sancións en materia de protección do dominio público hidráulico. Valoración de danos ao dominio público hidráulico.

Tema 13. A planificación hidrolóxica. Normativa do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia Costa.

Tema 14. Directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario.

Tema 15. Principios xerais en materia de seguridade e saúde. A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas.

Tema 16. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: títulos preliminar, I, II, III, IV e V.

Tema 17. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar, título I: capítulos I e II e título II.

Tema 18. Nocións básicas de ofimática. O manexo dos paquetes ofimáticos no contorno de LibreOffice (folla de cálculo, tratamento de textos), sistema operativo (Windows 10), busca da información: internet/intranet e correo electrónico.